

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 14 de novembro de 2019 pola que se resolve o concurso Eduemprende Idea 2019 dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidas con fondos públicos, convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 11 de marzo).

A Orde do 21 de febreiro de 2019 (DOG do 11 de marzo) pola que se convoca o concurso Eduemprende Idea 2019 dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidas con fondos públicos, establece as bases e o procedemento para a adxudicación dos premios nas modalidades A e B.

Unha vez realizada a valoración dos proxectos de empresa presentados pola comisión avaliadora, designada conforme o procedemento establecido na orde de convocatoria, publicada a proposta provisional de adxudicación dos premios para as modalidades A e B da convocatoria, vista a acta coa proposta definitiva da comisión avaliadora e a correspondente proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios aos proxectos de empresa seleccionados no concurso Eduemprende Idea 2019, nas modalidades A e B, que figuran no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo establece o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional



ANEXO

Modalidade	Premio	Proxecto	Autoría	Centro educativo	Puntuación	Importe
A	1º	Biofroita	Rebeca Poces Piñeiro Olga Parshakova Ángela Fernández Gómez	CIFP Paseo das Pontes	366	3.000 €
A	2º	Fungal Materials	Inda Alvarado Pérez Karlos Martín Sánchez Marcos Daporta González José Ramón Mosquera Ríos	IES Fernando Wirtz Suárez	364	2.000 €
A	3º	Systemra	Sara González Núñez Rubén Lino Mandado Andrés Abal Aldao Daniel Sotelo Pérez	IES de Rodeira	332	1.000 €

Modalidade	Premio	Proxecto	Autoría	Centro educativo	Puntuación	Importe
B	1º	KAD Kids and animals detection	Óscar Laíño Carril David Vázquez Teira	CIFP Coroso	374	3.000 €
B	2º	Luscofusco The Braille's T-Shirt	Iria García Vifias Thalia Diego Martínez	IES Montecelo	339	2.000 €
B	3º	G&R Dos mundos. Un futuro	Getiza Bermeu Camargo Juan José Rey Angueira	CIFP Valentín Paz Andrade	306	1.000 €

